

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE  
TÉCNICO/A EN XESTIÓN ECONÓMICA COMO FUNCIONARIO/A DE  
CARREIRA DO CONCELLO DE VEDRA (OEP 2021)**

---

**ACTA Nº 1**

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR  
E DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO**

Reunidos no salón de actos da Casa do Concello, o día nove de xuño de dous mil vinte e un, ás 10:15 horas o Tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a de xestión económica , como funcionario/a de carreira, incluída na oferta de emprego público 2021, formado por:

- D. Carlos J. Méndez –Losada Abalo (Presidente)
- D. José Antonio Gómez Pedreira (Vogal)
- D. Dalmiro Núñez Méndez (Vogal)
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. De la Cruz Vilas Giadanes (Vogal)
- D<sup>a</sup>. Ángela María Viqueira Allo (Vogal -Secretaria)
- D<sup>a</sup> . Mercedes Pereiras Caldelas (Persoal colaborador)
- D. José Ramón Chas Bao (Asesor)

Unha vez constituído o Tribunal, os membros do mesmo elixen , entre varias preguntas, as 20 das que consta o primeiro exercicio das probas selectivas, de carácter obrigatorio e eliminatorio, todas elas referidas ao temario de materias que se recolle no anexo I das bases da convocatoria (<https://concellodevedra.com>) , aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 144/2021 de data 11 de marzo, e publicadas no BOP núm. 52/21, do 18 de marzo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal

Ás 11: 30 horas , nas instalacións da Biblioteca Pública e Aula CEMIT de Vedra, comeza o chamamento dos/as aspirantes por orde alfabética. Están presentes os/as seguintes aspirantes:

<b>1º APELIDO</b>	<b>2º APELIDO</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
BERMÚDEZ	GONZÁLEZ	PILAR	***554T
CARPINTEIRO	LÓPEZ	RAQUEL	***119X
FERNÁNDEZ	ABALO	JOSÉ MARÍA	***711C
FERNÁNDEZ	ARMADA	FRANCISCO	***316B
FRAGA	RAMILO	EDUARDO	***459Y
GARRIDO	MONTENEGRO	NEREA	***413H
GONZÁLEZ	RODRÍGUEZ	YOLANDA	***879G

---

LORENZO	PAZOS	BERTA	***824F
MEDA	HERBOJO	LUCAS	***672F
ROMERO	RAÑO	CLARA	***633A
REBOREDO	FRAGA	VANESSA	***401N

Unha vez os/as aspirantes presentes están sentados/as, para preservar a súa identidade e a transparencia do proceso, entréganselles dous sobres, un deles contén o exame, unha ficha para cumprimentar os seus datos persoais e as instrucións e o outro dúas etiquetas identificadoras. A continuación un/unha dos membros do Tribunal dálle lectura ás instrucións para o correcto desenvolvemento deste exercicio.

Ás 11:45 minutos comeza o exercicio e remata 90 minutos máis tarde.

Sendo as 13:30 horas comézase coa revisión do exame.

O Tribunal, por unanimidade dos membros, acorda puntuar cada pregunta a razón de 0,50 puntos e en atención ao establecido na base oitava da convocatoria do proceso que indica “*neste exercicio valorarase a claridade de ideas e a capacidade de síntese*”, desagregar dita puntuación en 0,35 puntos para a claridade de ideas e 0,15 puntos para a capacidade de síntese. Non se penalizan as preguntas non contestadas.

Superan este primeiro exercicio os/as aspirantes que acaden un mínimo de 5,00 puntos.

Ao fío das vinte e unha horas o Tribunal acorda continuar coa revisión e avaliación deste primeiro exercicio mañá xoves 10 de xuño de dous mil vinte e un.